

# **Do manuscrito á edición: consideracións sobre a segmentación textual na poesía profana galego-portuguesa\***

Manuel Ferreiro  
Universidade da Coruña

Un dos problemas importantes na edición dos textos medievais, particularmente dos textos trobadorescos galego-portugueses, é o proceso de segmentación de unidades léxicas e gramaticais, pois, como é sabido, a escrita medieval e, en concreto, a dos manuscritos da nosa lírica, caracterízase pola xeneralizada presenza de cadeas gráficas<sup>1</sup>, moi afastadas dos modernos parámetros ortográfico-segmentativos, que consolidaron o paso dunha escrita “continua” a unha escrita “discreta”. Tal segmentación é, sen dúbida, unha operación delicada:

è esperienza comune a tutti gli editori di testi medievali il costatare che in talune circostanze la divisione del testo appare estremamente problematica e potenzialmente ambigua, oltre ad offrire una molteplicità di soluzioni: è in questi casi che il moderno operatore, in modalità assolutamente analoghe a quelle dei copisti e dei lettori dell'epoca, rischia di forzare il testo verso la sua interpretazione e immettere dunque problematici fattori di “soggettività” che vanno a compromettere l'integrità del testo stesso (Costantini 2007: 41).

Perante esta realidade complexa, os editores vense obrigados a marcaren de cote os límites vocabulares, os segmentos dun *continuum* textual, en contextos que moitas veces permitirían diversas posibilidades segmentativas. É por isto que a segmentación en sentido amplo, isto é, a delimitación das unidades lingüísticas no texto, así como a aglutinación ou deglutinación de elementos que poderían ter unha outra consideración diferente, “si rivela elemento del tutto funzionale e determinante nel processo della lettura” (Costantini 2007: 15), xa que condiciona a textualidade do corpus trobadoresco galego-portugués porque afecta todos os niveis lingüísticos e, en definitiva, a interpretación das cantigas.

---

\* Este traballo inscríbese no proxecto de investigación FFI2009-08917, subsidiado polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología. Dirección General de Investigación. Subdirección General de Proyectos de Investigación”.

<sup>1</sup> O estudo destas cadeas gráficas nos nosos cancioneiros está ainda á espera dunha investigación profunda e criteriosa, semellante á realizada para outros ámbitos románicos, como o provenzal, o francés e o italiano. Vid. Costantini 2007 e Zimei 2009.

En calquera caso, a segmentación, dentro do proceso ecdótico, está condicionada por factores lingüísticos – nomeadamente os morfolóxicos –, semánticos e métricos, aínda que en moitas ocasións esta práctica ten un marcado carácter subjetivo, por veces certamente problemático, sobre todo en pasaxes propositadamente ambiguas. Ao mesmo tempo, resulta evidente que as decisións editoriais no relativo á segmentación inflúen decisivamente no repertorio final de unidades lingüísticas, condicionando o cómputo e a dicionarización do léxico dos textos trobadorescos, tarefa en que estamos empeñados desde hai algún tempo. Neste sentido, para alén destas breves consideracións xerais, pretendemos facer unha primeira aproximación a algúns problemas relativos á segmentación nalgunhas pasaxes trobadorescas que achamos problemáticas na vulgata da nosa lírica (Brea 1996), procurando achegarmos alternativas e eventuais solucións para eses pasos dificultosos. Así pois, só consideraremos neste artigo algúns (entre outros moitos posíbeis) problemas de edición detectados no corpus trobadoresco que presentan modificacións das leccións manuscritas por parte dos editores, cando unha eventual solución dependa directamente dunha segmentación alternativa non realizada ou da eventual manutención da integridade vocabular. En calquera caso, as propostas aquí incluídas, desde unha óptica neolachmaniana, procuran rectificar tradicionais lecturas distantes das leccións manuscritas, tendo en conta o principio (aínda que de teor bedierista) establecido por D'Arco Silvio Avalle:

L'obbligo della fedeltà impone notoriamente un esercizio severo di *interpretatio*, attività questa, senza dubbio, assai più onerosa della *divinatio*, ma anche scientificamente meno aleatoria. Sotto questo punto di vista l'esperienza insegnă che, mentre la *divinatio* favorisce molto spesso l'affermarsi, sia pure in via preterintenzionale, della *lectio facilior*, l'*interpretatio*, invece, nell'esacerbare l'agonismo dell'editore moderno, induce a ricerche supplementari che posso preludere alla *lectio difficilior*, o, addirittura, a lezione semplicissima obliterata da una erronea *distinctio* (Avalle 1992: LXXXIXb).

En todas as pasaxes analizadas, partimos dun principio esencial de respecto ás lecturas do manuscrito do Cancioneiro da Ajuda e mais dos apógrafos italianos, atentos sempre ao perigo de proxección da realidade lingüístico-expresiva do presente en textos antigos e séndomos conscientes de que, moitas veces, está en nós a incapacidade para vermos o que os manuscritos transmiten.

## 1. A segmentación e/ou a puntuación como solución alternativa

Ao longo dos cancioneiros profanos galego-portugueses, encontramos casos en que unha simple deglutinación diferente ou unha puntuación alternativa constitúen unha solución editorial máis acaída do que a tradicional.

Un exemplo indirecto dos problemas segmentativos – interpretativos en definitiva – é a cantiga 236 de Roi Queimado<sup>2</sup>, cuxa edición na vulgata (Brea 1996: 920) procede da clásica edición de Dª. Carolina Michaëlis de Vasconcelos. O problema localízase na segunda estrofa, onde, perante os aparentes problemas métricos levantados polo v. 11 na versión de *A*, a ilustre editora, contra o seu criterio, resolve a situación acudindo á lección de *B*, aparentemente más satisfactoria:

236 / 148,4 RoiQuei [A130/B251], v. 11:  
 E, se eu est' ouvess(e), averia  
 o mais de ben que eu querri' aver:  
 sabê'-lo ela ben, sen lh' o dizer  
 eu! E non **attendess'** aquel dia  
 que eu attend', ond' ei mui gran pavor,  
 de lhe dizer: “por vós moiro, senhor”,  
 ca sei que por meu mal lh' o diria.

Efectivamente, a lección do Cancioneiro da Biblioteca Nacional para o v. 11 (<atendess>) mantén a medida decasilábica, aínda que levanta, con certeza, un problema sintáctico por canto o subxuntivo *atendesse* cumple a función de verbo principal, feito verdadeiramente inusual, fronte á solución de *A* coa lección <attenderia>, aparentemente hipermétrica.

Porén, existe – coidamos – unha solución alternativa de tipo segmentativo que resolve, á vez, as dúas cuestións levantadas, sintaxe e métrica, confirmando, máis unha vez, a superioridade xeral das leccións de *A*; trátase de segmentar <attenderia> como <attender ia>, isto é, *atender ja*, de modo que

---

<sup>2</sup> Para as referencias ás cantigas, utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur, acompañada da numeración de Tavani, coas correccións incorporadas por J. M. Montero Santalla (2001: 55-101). Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro – Martínez Pereiro – Tato Fontañá (2007). Canto á lectura dos manuscritos, manexamos as edicións facsimilares dos cancioneiros: *Cancioneiro da Ajuda*. Edición Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa, Ediciones Távola Redonda, 1994; *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991, Lisboa, Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos – Instituto de Alta Cultura, 1973.

este verbo funciona en paralelo co anterior *saber* (v. 10). Así, a estrofa ficaría perfectamente correcta<sup>3</sup>:

E, se eu est'ouvesse, averia  
o más de ben que eu querri'aver:  
sabe-lo ela ben sen lho dizer  
eu e non **atender ja** aquel dia  
que eu atend', ond'ei mui gran pavor  
de lhe dizer "por vós moiro, senhor",  
ca sei que por meu mal lho diria.

Nesta mesma cantiga, aparece na terceira estrofa (v. 18) un outro problema relacionado coa segmentación. Vexamos a tradicional edición de Carolina Michaëlis (Brea 1996: 920):

Ca senhor ei que m'estranharia  
tanto que nunc'averia poder  
de lh'ar falar, nen sol de a veer.  
E mal me vai, mais peor **m'iria**.

Sen problemas de carácter sintáctico ou semántico, a edición de Michaëlis modifica a lección <meria> de *AB* no v. 18 a prol dunha forma de pospretérito (*m'iria*) que resulta acaída ao contexto. Mais o certo é que unha segmentación alternativa leva consigo unha forma verbal de copretérito, tamén perfectamente lóxica; por outra parte, tal segmentación fai emerxer de novo unha partícula *er*, que sendo maioritaria fronte a *ar* nos textos transmitido por *BV*, tamén aparece esporadicamente no Cancioneiro da Ajuda (vid. 310.7 e 14):

Ca senhor ei que m'estrāiaria  
tanto que nunc'averia poder  
de lh'ar falar, nen sol de a veer,  
e mal me vai, mais peor **m'er ia**

Un problema similar ao anterior pode constatarse na edición da finda dunha cantiga dialogada de Pero Mafaldo, cuxa edición crítica, de Segismundo Spina, substancialmente coincidente coa de Michaëlis (1990: 848), foi incorporada á vulgata (Brea 1996: 867):

---

<sup>3</sup> Esta solución xa está presente en Arias Freixedo 2003: 835.

333 / 131,8 PMaf [B371], vv. 19-20:

—Ja vo-lo dix', e direi outra vez:  
*se vos por mí, [meu amigo, ven mal,  
 pesa-m'ende, mays non farei i al].*

De que mi pesa, cuyd'eu que é mal!  
 De más, **amigu'**[é] demandardes-mi al.

O editor brasileiro isola sintacticamente a *finda*, o cal leva consigo, inevitavelmente, a modificación da lección de *B* no segundo verso (<De mays amigo demandardes mhal>), pola aparente ausencia do necesario verbo. Mais se se ligar a *finda* ao discurso anterior, como acontece en moitas outras cantigas, xunto cunha outra puntuación diferente, a lección de *B* tornase transparente e correcta:

—De vos pesar, señor, ben ést'e prez,  
 pero non poss'eu per tanto viver  
 se vós i más non quiserdes fazer.  
 —Ja vo-lo dixi, e direi outra vez:  
*se vos por mí, [meu amigo, ven mal,  
 pesa-m'ende, mais non farei i al],*

de que mi pesa, cuid'eu, que é mal  
 de más, **amigo**, demandardes-mi al.

A derradeira cuestión desta sección fai referencia tamén á puntuación, forma indirecta de segmentación, como solución a aparentes problemas de edición. As diversas edicións da cantiga 454 de Afonso X coinciden en modificar a lección manuscrita de *B* na segunda estrofa pola aparente imposibilidade lingüístico-interpretativa do texto. Estamos a referirnos ás mudanzas *e* > *e[n]* (v. 13), *de* > *e* (v. 14), presentes tanto na clásica edición de Lapa (Brea 1996: 156-57) como nas dúas versións da edición crítica de Paredes (2001: 107; 2010: 90):

454 / 18,32 Alf X [B459], vv. 11-16:

Mandou-m'el furtar alvor  
 o meu podengo melhor,  
 que avia **en** sabor;  
**e** penhorar-lh'-ei de pran  
 e filhar-lh'-ei a maior  
 sa cadela, polo can.

De novo, unha lectura diferente a través dunha puntuación alternativa resolve interpretativamente o texto ao tempo que permite manter a literalidade da lección transmitida por *B*:

Mandou-m'el furtar a'lvor  
o meu podengo melhor  
que avia, e sabor  
**de penhorá-lh'ei de pran,**  
e filhar-lh'-ei a maior  
sa cadela, polo can.

## 2. Segmentación e lectura crítica dos manuscritos

Certamente, o respecto polas leccións que os manuscritos nos transmitiron é un dos principios esenciais da crítica textual e do labor editorial. Con todo, non podemos ignorar que, moi especialmente nos apógrafos italianos polo seu peculiar proceso de transmisión, o erro forma parte intrínseca da copia, de modo que a lectura e a interpretación crítica das leccións manuscritas debe estar sempre presente, sobre todo cando o resultado da transcripción presenta problemas ou anomalías graves. É este o caso, coidamos, que se detecta nunha cantiga de Pero Viviez, cuxa edición crítica foi incorporada á vulgata (Brea 1996: 877):

429 / 136,1 PViv [B448], v. 26 [= v. 32]:  
A Lobatom quero eu ir,  
ca non perço cuydado  
do coraçon, en guissa tal  
que me trax aficado  
pola melhor das qu'eu sey,  
que sse a non vir **morrey:** / ...

Para alén da cuestión da anómala crase de *que*, xa tratada noutra ocasión (Ferreiro 2009: 490), levántase o importante problema da forma *morrey*, hipotética P1 de futuro, mantida polo seu editor porque “sembra metricamente giustificata” (Beltrami 1974: 52). Mais non existe, cos datos de que dispomos, ningunha documentación na lingua medieval ou moderna con tal solución morfolóxica, polo que será preciso articular unha alternativa editorial coherente coa lección manuscrita e coa lingua.

Consciente dos numerosos problemas de copia, moi especialmente nos apógrafos italianos, a que antes aludimos, a solución para tal anomalía poderá basearse

en considerar un erro de transmisión <r>/<t>, habitual en *BV*: <morrey> vs. <mortey>. Deste xeito, cunha base *mortey*, poderemos efectuar a segmentación *mort'ey*, fixando no verso unha forma de presente, que, xunto co futuro, é o tempo utilizado nas cláusulas que levan un futuro de subxuntivo subordinado<sup>4</sup>:

A Lobaton quero eu ir, ca non perço cuidado  
do corazón en guisa tal que me trax aficado  
pola melhor das que sei,  
que se a non vir **mort'ei**

Un outro exemplo que nos semella problema de copia nos manuscritos, coa conseguinte anomalía expresiva nun texto, aparece na primeira estrofa da cantiga 1387 de Martin Soárez (Brea 1996: 661), que no final do v. 5 presenta un texto expresivamente anómalo, sen o esperado O.D. de *ten*:

1387 / 97,44 MartSrz [B1369/V977], v. 5:  
e a dona cavalgou e colheu [i]  
**Don Caralhote nas mãos; e ten**  
pois lo á preso, ca está mui ben,  
e non quer d'el[e] as mãos abrir.

Ora ben, tendo en conta a frecuencia da confusión <e>/<o> nos apógrafos italianos, a deficiencia da frase pode corrixirse mediante a consideración deste erro na copulativa xunto coa conseguinte segmentación da conjunción en *Caralhote*, o *forte preso* antes citado:

e a dona cavalgou e colheu  
**Don Caralhot'e nas mãos o ten,**  
pois-lo á preso, ca está mui ben,  
e non quer d'el[e] as mãos abrir.

### 3. Arredor dos elementos <o, a>

Nesta sección, queremos salientar, en primeiro lugar, algúns casos de alteración da lección dos manuscritos a partir de certas actuacións banalizadoras dos editores, que, por veces, interveñen textualmente ao introduciren un desnecesario artigo en expresións perfectamente posíbeis na lingua medieval. Véxanse, como

---

<sup>4</sup> Adoptamos a estrutura métrica proposta en Montero Santalla (2000: 375).

mostra, as seguintes pasaxes, onde os textos editados por Manuel Rodrigues Lapa (Brea 1996: 666 e 348) alteran a lección manuscrita coa introdución dunha forma de artigo ausente en *BV*<sup>5</sup>:

1492 / 16,4 AiPrzVuit [B1472/V1083], v. 18:

—Mui gran mal fazedes en consentir  
a est' **om'o** torto que mi fazia

1546 / 56,5 GilPrzCo [B1527], v. 20:

**Catad'o** que mi foi fazer,  
confiand'eu no seu amor!

Certamente, nestas pasaxes o artigo é desnecesario, por canto na lingua medieval *torto* aparece xeralmente sen artigo<sup>6</sup>, ao tempo que se documentan con facilidade as frases relativas con función de O.D. introducidas directamente por *que*<sup>7</sup>:

Mui gran mal fazedes en consentir  
a est'**ome** torto que mi fazia

**catade** que mi foi fazer,  
confiand'eu no seu amor!

Un outro problema relacionado co artigo (e o posesivo) aparece nunha cantiga de Fernan Velho, presente na vulgata (Brea 1996: 337) a partir da edición crítica de G. Lanciani:

424 / 50,8 FerVelh [B442/V54], v. 16:

E gram mesura Deus de me matar  
fará, pois **m[h]a** mort'en seu poder ten,  
ca El sabe que non ei d'atender  
se non gram mal, se viver; ...

Sendo certo que en numerosas ocasións os manuscritos italianos presentan a variante posesiva *ma* (tamén lexítima)<sup>8</sup> en lugar da esperada *mia* (<mha>), xeral-

<sup>5</sup> Talvez recorrendo ao frecuente erro <e>/<o> que se detecta nos apógrafois italianos.

<sup>6</sup> Entre as numerosas documentacións do substantivo, só achamos o artigo en 545.6, 561.27, 665.2, 674.19, 790.14, 1145.10, 1361.8 e 1659.6.

<sup>7</sup> Cf., por exemplo, *e direi-vos que vos por én farei* (1052.16), *Filha, se gradoedes, | dizede que avedes* (1268.1-2).

<sup>8</sup> Michaëlis (1990: 890) edita directamente *mia*, sen reintegración ningunha.

mente con diverxencia entre os dous manuscritos (vid. 505.3, 506.21, 548.5, 547.17 etc. etc.), tamén é certo que nesta pasaxe non é necesario considerar ningún erro, lapso ou omisión por parte dos copistas, pois facilmente se pode segmentar a secuencia *<ma>* en *m'a*, considerando a presenza do pron. *me* en crase coa forma feminina do artigo de *morte*:

E gran mesura Deus de me matar  
fara, pois **m'a** mort'en seu poder ten,  
ca El sabe que non ei d'atender  
senon gran mal se viver; ...

A derradeira cuestión relacionada co artigo que queremos tratar neste apartado aparece nunha cantiga de Estevan da Guarda, que conta coas edicións de Lapa (cf. Brea 1996: 255) e Pagani (1971: 138), coincidentes no paso que agora tratamos:

1333 / 30,19 EstGuar [B1316/V921], v. 19:  
Tan cruamente e tan mal  
diz que foi ferido enton  
que teedes i cajon,  
s'el[e] d'esto non guarece;  
**e aqueste feit'é tal,**  
Martin Gil, tan desigual,  
e já mui peior parece.

Dificilmente se pode xustificar a intervención editorial no v. 19, fronte á lección dos manuscritos: *<E questo feito tal> B*, *<eaquesto ffeyto tal> V*. Coidamos que é posibel, como moitas outras veces, efectuar segmentacións alternativas e interpretacións diferentes de xeito que se poida ser fiel, máis unha vez, á lección dos apógrafos italianos<sup>9</sup>:

Tan cruamente e tan mal  
diz que foi ferido enton  
que teedes i cajon  
s[e] el d'esto non guarece;  
**é aquest'o feito tal,**  
Martin Gil, tan desigual,  
e já mui peior parece.

---

<sup>9</sup> Como xa fixo neste paso Arias Freixedo (2003: 888).

Outras veces, as secuencias revisadas neste apartado din respecto á forma pronominal de terceira persoa en función de O.D. É esta a situación levantada coa lectura de Simões para o v. 19 da cantiga 624 de D. Pedro de Portugal (Brea 1996: 760), que continúa o texto historicamente xa establecido en Nunes (1972: 208):

624 / 118,8 PedPort [B608/V210], v. 19:  
 polos que dizem que an mal d'amor,  
 que com **verdade** nom poden dizer,  
 porque cuydand'i tomam gram prazer,  
 o que a mim nunca pode chegar.

Máis unha vez a lección dos manuscritos, diverxente neste caso (<uerdado> *B*, <u'dade> *V*), obriga a unha reconsideración do texto. Coidamos que, como é habitual, a lección de *B* é superior á de *V*, de modo que se pode – e debe – manter a través dunha segmentación do pronome persoal O.D. de terceira persoa interpolado, que resulta acaído para o contexto da cantiga porque introduce o necesario complemento de *dizer*:

E pois eu nunca d'outra ren sabor  
 poss'atender pera me conortar,  
 mui ben posso con verdade jurar,  
 polos que dizen que an mal d'amor,  
 que con **verdad'o** non poden dizer  
 porque cuidand'i toman gran prazer,  
 o que a min nunca pode chegar.

Aínda se detecta outra cuestión relacionada con este pronome na cantiga 991 de Pero da Ponte, por cuestiós gráfico-fonéticas levantadas pola hipotética forma verbal *xamou* da edición de Panunzio (Brea 1996: 786):

991 / 120,42 PPon [B988/V576], v. 30:  
 E a don Telo Deus **xamou**  
 pera ssy, e x'o quis levar

Moi posibelmente a interpretación da secuencia manuscrita <xo amou> dos dous apógrafos italianos como *xamou* estea condicionada pola histórica lectura *chamou* de Carolina Michaëlis (1990: 903). Aluden os recentes editores de Pero da Ponte (Juárez Blanquer 1988, Panunzio 1992) a unha hipotética explicación da grafía <x> por <ch> procurando relacións con grafías semellantes en textos leoneses; con todo, semella que, máis unha vez, o preconcepto lusitanizante está por baixo de tal decisión editorial, esquecendo que a evolución da africada palatal xorda só mo-

dernamente se transformou nunha fricativa en portugués: non existen obstáculos paleográficos, nin tampouco semánticos, para interpretar exactamente o que os manuscritos transmitiron, isto é, *xo amou*, coa habitual crase do pron. *xe* co O.D., que volta a aparecer no verso seguinte:

E a don Telo Deus **xo amou**  
pera sí, e xo quis levar

Para finalizar este apartado dedicado ás formas do pronomé, queremos insistir (Ferreiro 2010b: 245) no problema levantado nunha cantiga de Joan Lopez d'Ulhoa (cf. Brea 1996: 475), onde a lectura errada de Michaëlis fixou unha anómala forma *la* para o pronomé de terceira persoa en función de O.D. no contexto dunha cantiga de amor:

313 / 72,14 JLpzUlh [A202/B353], v. 16:  
Por mal de min og' eu o logar vi  
per u ira, se ousasse, alá;  
pero m' ela non fez ben, nen fará,  
**catando-la** direi-vus que fiz i: / ...

Tal como aparece na vulgata, o *catando-la* tirado da edición de D<sup>a</sup> Carolina Michaëlis debe ser rectificado segundo a lección dos manuscritos: coidamos, pois, que a solución, de acordo con <catandala> A, <catã / Dala> B, é outra, evitando unha anómala conservación de *-l-* intervocálico alén das fronteiras da cantiga de amigo (Ferreiro 2010c: [no prelo]):

Por mal de min oj' eu o logar vi  
per u irá, se ousasse, ala,  
pero m' ela non fez ben nen fara;  
**catand' ala** direi-vos que fiz i: / ...

Indirectamente relacionada co pronomé, aparece unha pasaxe problemática en Joan Garcia de Guilhade, que conta con diversas edicións, todas elas con solucións diferentes para o v. 10, que presenta unha lección manuscrita diverxente en *BV* para o segmento problemático <queno fexisse> B, <queno ferisse> V). A vulgata recolle a lección de Nobiling (Brea 1996: 465), seguida posteriormente por Nunes en 1928 (1973: 164):

762 / 70,54 JGarGuilh [B746/V348], v. 10:  
 e dey-lh'eu d'ela ben quanta m'el disse;  
 mays el demanda-mh-al, **que non pedisse!**

Recentemente, a edición do cancioneiro de amigo da autoría de Rip Cohen establece unha lección diferente, acollendo a lección de *B*, que presentaría unha forma certamente estraña na conxugación de *fazer* (Cohen 1995: 235):

e dei lh' eu dela ben quanta m' el disse,  
 mais el demanda mh al, **que no<n> fexisse**

E a estas propostas aínda habería que acrecentar a de Rodrigues Lapa (1982: 166), que propón *quen no ferisse!* a partir da lección de *V*. Porén, estamos convencidos de que a solución da pasaxe reside, máis unha vez, nunha diferente segmentación do texto, considerando errada neste caso a lección de *B*, de modo que a presenza do verbo *ofrir* (documentado tamén en 1497.32) é certamente pertinente no verso, en paralelo co v. 5 (*mais el demanda-m'outra folia*) e o v. 15 (*mais el demanda-m'outra torpidade*):

e dei-lh'eu d'ela ben quanta m'el disse;  
 mais el demanda-mi al – **quen oferisse!**

Finalmente, coidamos que se debe reconsiderar unha importante alteración da lección manuscrita do Cancioneiro da Biblioteca Nacional que pervive na vulgata a partir da edición do *Cancioneiro da Ajuda* de Michaëlis de Vasconcelos. Os versos iniciais da primeira estrofa da cantiga 25 de Fernan Rodriguez de Calheiros presenta unha versión moi afastada da lección manuscrita (cf. Brea 1996: 320):

25 / 47,16 FerRdzCalh [B51], v. 6:  
 Non vus façan creer, senhor,  
 que eu [d']alhur querer viver,  
 se non con vosqu', **aja** poder.

A serie de modificacíons do texto manuscrito nos vv. 2-3 é importante á vista do texto transmitido por *B*:

<que eu alhur quero uiuer  
 senon con uosque ia poder>

Acreditamos en que se pode, coas segmentacións e interpretacións adecuadas, respectar a lectura de *B*, con base fundamental na consideración da loc. prep. *a poder* (“a più non posso” na tradución italiana de Stegagno Picchio 1968: 274) que se reitera no v. 5 e que se documenta noutras pasaxes trobadorescas (con valor semellante ao de *per bõa fe*):

Non vos façan creer, senhor,  
que eu **alhur** quero viver  
senon convosc', **e j'a** poder  
non vos menti, ca de pran é,  
a poder e per bõa fe:  
*macar m'end'eu quisesse al non*  
*queria o meu coraçon*

Desta maneira, non é preciso introducir unha desnecesaria prep. *de* no v. 2, porque a segmentación de <*ia*> como *j'a* (con outras aparicións no corpus: 64.10, 1588.20) resolve sintáctica e semanticamente a situación, aínda que se perciba unha certa reiteración expresiva na acumulación que o trobador fai de fórmulas adverbiais aseverativas (*a poder*, *de pran*, *per bõa fe*)<sup>10</sup>.

O elemento <*a*>, de lectura múltipla como estamos a ver, tamén aparece implicado nunha pasaxe atribuída a Joan Fernandez Ardeleiro e mais a Rodriguez de Briteiros, nunha cantiga de escarnio procedente da edición lapiana (Brea 1996: 664):

1346 / 68,3 JFdzArd? [B1329/V935], v. 10:  
E foi-s'el morar a França  
e desemparou sa terra,  
ca non quis con el-Rei guerra;  
**mais á coita** de sa madre,  
por que ficou a seu padre  
d'el no coraçon a lança.

O confronto do texto coa coincidente lección transmitida por *BV* (<Mays lacoyta>, <mays la coyta>) revela que é posíbel manter a literalidade dos manuscritos cunha segmentación da forma verbal á que permita realizar unha edición más apurada da pasaxe:

---

<sup>10</sup> Véxase tamén diversas intervencións en *Locus Criticus* <[webs.uvigo.es/locuscriticus/?cat=9](http://webs.uvigo.es/locuscriticus/?cat=9)>.

E foi-s'el morar a França  
 e desemparou sa terra,  
 ca non quis con el-Rei guerra;  
**mais-la coit'á** de sa madre,  
 porque ficou a seu padre  
 d'el no coraçon a lança.

#### 4. A segmentación de *<e>* (*e*, *ē*)

Arredor da connexión *e*, un dos elementos más facilmente segmentábeis, nos textos do corpus trobadoresco profano aparecen con frecuencia intervencións editoriais problemáticas que precisan revisión.

Os dous primeiros casos tratados inciden nunha cuestión, cal é a aparición reiterativa da connexión copulativa, como tantas veces acontece nos textos medievais. A vulgata editorial da lírica profana galego-portuguesa presenta a cantiga 600, de D. Denis, cun *incipit* que altera a lección dos manuscritos: seguramente H. Lang (cf. Brea 1996: 180) e Nunes (1973: 35) interpretaron que no inicio da cantiga se produciu un erro *<e>/<o>*, xa comentado, para xustificar a modificación da lección de *BV*:

600 / 25,11 Den [B583/V186], v. 3:  
**Amigo** fals'e desleal!  
 que prol a de vos trabalhar  
 d'em a mha mercee cobrar?

Mais o feito de se documentaren os sintagmas *Amigo fals'e muit'encoberto* en D. Denis (612.6) ou *d'aqueste mundo fals'e desleal* en Pero da Ponte (988.6) non parece razón suficiente para non considerar a presenza da copulativa na secuencia *<Amigue>* de *BV*, como xa estableceu Tavani (1967: 393) e Cohen (2003: 619), de modo que *falso* e *desleal* terán de funcionar como adjetivos substantivados en paralelo ao *amigo* inicial:

**Amig'**e fals'e desleal,  
 que prol á de vos trabalhar  
 de na mia mercee cobrar?

Na edición de D. Denis aínda se localiza unha outra cuestión semellante á anterior nunha cantiga de amor (Brea 1996: 227)<sup>11</sup>:

540 / 25,108 Den [B523<sup>b</sup>/V126], v. 14:  
 Ca de me matar amor non m' é greu,  
**atanto** mal sofro ja em poder seu;  
 e tod'aquest' é, senhor, des quand' eu  
*vos vi* ...

Mais os manuscritos presentan a lección <τ tāto> *B*, <etanto> *V*, que ben pode ser segmentada en *e tanto* como inicio dunha frase parentética introducida pola copulativa:

Ca de me matar Amor non m'é greu,  
**e tanto** mal sofro ja en poder seu;  
 e tod'aquest' é, senhor, des quand'eu  
*vos vi*...

A segmentación tamén permite avaliar criticamente o texto establecido por Nunes para a cantiga 974 (cf. Brea 1996: 115), en cuxo v. 11 os apógrafos italianos presentan unha clara lección <seruice> *B*, <seruiç> *V*:

974 / 12,2 AiEng [B972/V559], v. 19:  
 Quando m'agora ren non dá,  
 que lhi non ssey merecer mal  
 o meu **serviço** non mi val,  
 cuyd'eu nunca mi ben fará

Coidamos que a manutención *ad litteram* da lección de *BV*, con segmentación da connexión, en combinación cunha puntuación diferente, resolve prudentemente o texto da terceira estrofa desta cantiga:

Quando m'agora ren non dá,  
 que lhi non sei merecer mal  
 o meu **serviç'**, e non mi val,  
 cuid'eu, nunca mi ben fara

---

<sup>11</sup> Esta cantiga foi tamén editada posteriormente por Nunes (1972: 146-47), que expunxe a prep. *en* por *un* – aparente – problema de medida métrica, que se resolve doadamente coa sinalefa *ja\_en*.

Moi semellante é o problema levantado nunha cantiga de Martin Perez Alvin, tamén incorporada á vulgata a partir da histórica edición de Nunes (cf. Brea 1996: 638), cuxo v. 12 aparece nos cancioneiros como <Huu9 eu uiff logueu uoffamor> *B*, <hu u9 eu uifse logueu uofsamor> *V*:

1055 / 96,4 MartPrzAlv [B1053/V643], v. 12:  
 E, ante que vos eu visse, senhor,  
 tan muito ben ouvi de vós dizer,  
 per bõa fé, que non pud'al fazer  
 que non ouvess'a viir a logar  
 hu vos eu **viss'**, e **logo** voss'amor  
 fez-me-vos por tal guisa desejar  
 que non desej'al ren senon morrer.

A segmentación de *visse* condiciona un texto en que o editor se viu obrigado a eliminar o pron. *eu*, presente nos manuscritos, alterando, en definitiva, o texto da cantiga, que se resolve por medio dunha puntuación diferente:

E, ante que vos eu visse, senhor,  
 tan muito ben ouví de vós dizer,  
 per bõa fe, que non pud'al fazer  
 que non ouvess'a viir a logar  
 u vos eu **visse log'eu:** voss'amor  
 fez-me-vos per tal guisa desejar  
 que non desej'al ren senon morrer.

O espírito de fidelidade – crítica – aos manuscritos motiva tamén a revisión textual nunha cantiga de Afonso X transmitida unicamente por *B*. O texto, editado por Rodrigues Lapa (Brea 1996: 143) e recentemente por Paredes (2001: 116; 2010: 98), é o seguinte:

456 / 18,10 Alf X [B461], vv. 9-10:  
 en tal que o non **aolhasse**  
**quen no** visse e o catasse.

O problema reside en que a ausencia de segmentación dunha conxunción no final do v. 9 obriga os editores a unha mudanza na lección manuscrita do v. 10: <que non ...>. Se, en coherencia con outros casos semellantes, aplicamos a segmentación final de *e*, poderase manter perfectamente a lección de *B* e acadar pleno sentido nesta pasaxe:

E outro meio filhou  
e peitea-lo mandou,  
ao colo o atou  
en tal que o non **aolhass'e**  
**que non** visse e o catasse.

Por outra parte, a segmentación da forma verbal é resultante ser un proceso que se produce con moita frecuencia, do mesmo modo que a conxunción copulativa, de xeito que ao longo do corpus se poden localizar pasaxes onde a segmentación desta forma verbal pode resolver problemas de diverso teor.

Sendo certo que, por veces, a transmisión manuscrita exixe do editor a utilización de prudentes *calefatações* para resolver pasos conflitivos, tamén é verdade que a segmentación pode evitar ás veces intromisións editoriais, como acontece nunha cantiga de Nuno Fernandez Torneol en que existe lección coincidente de *AB* para a pasaxe agora analizada (Brea 1996: 689):

161 / 106,13 NuFdzTor [A72/B185], v. 8:

E ben mi-o per devedes a creer  
que me será mia **morte** [**mui**] mester  
des quando vus eu veer non poder'

Na realidade, onde a editora, Carolina Michaëlis, introduce *mui*, os manuscritos presentan a lección <*me*>, que se debe manter, coas pertinentes segmentacións de *morte* e *me*, sen problema ningún de interpretación:

E ben mi-o per-devedes a creer  
que me sera mia **mort'**, e **m'é** mester,  
des quando vos eu veer non poder

Un problema parcialmente similar aparece nunha pasaxe da cantiga 761 de Joan Garcia de Guilhade, a partir da edición de Nobiling (Brea 1996: 441), que é continuada por R. Cohen no cancioneiro de amigo (Cohen 2003: 234):

761 / 70,6 JGarGuilh [B745/V347], v. 13:

Se s'el **enfinge** (ca x'ousa),  
e direy-vos que façades: / ...

Perante a incoherencia sintáctica, cunha frase condicional sen verbo de que depender por causa da existencia da conxunción copulativa no inicio do v. 12,

na edición do cancioneiro de amigo, Cohen reconverte esa conxunción en *e/u*] para arranxar a situación:

Se s'el **enfinge** (ca x'ousa)  
**e<u>** direi-vos que façades: / ...

Coidamos que a solución reside na segmentación de é en *enfinge*, xa presente na edición de Nunes (1973: 163):

Se s'el **enfing'**é ca x'ousa,  
e direi-vos que façades: / ...

Unha outra alteración importante da lección dos manuscritos pode verse na edición dunha cantiga de Pero Amigo, a partir da edición crítica de G. Marroni (Brea 1996: 741), coincidente neste paso coa de Nunes (1972: 470):

1098 / 116,17 PAmigo [B1096/V687], v. 9:  
Esta dona, que mi faz muito mal  
por que non quis nen quer que seja seu,  
**home**, senhor, mays gran coita mi deu

A editora italiana considera un erro <n>/<h> na transmisión manuscrita (<Nō me> *B*, <nō me> *V*) e actúa en consecuencia apelando á autoridade de Nunes. Mais, de novo, unha segmentación sobre a lección transmitida por *BV* permite resolver certamente con éxito a pasaxe, solución xa presente en Arias Freixedo (2003: 686):

Esta dona, que mi faz muito mal  
porque non quis nen quer que seja seu,  
**non m'**é senhor, mais gran coita mi deu

Por outra parte, a fixación da forma demostrativa *aquestes*, fronte ao singular <aqueste> de *B*, nunha pasaxe de D. Denis torna incomprensíbel a estrofa enteira (Brea 1996: 236):

1553 / 25,127 Den [B1534], v. 11:  
que eu sōo certo de pram,  
quant' **aquestes** amigos meus,  
que por quanto mal em el a, / ...

A manutención, novamente, da lección manuscrita coa segmentación da forma verbal é (xa presente en Lapa 1970: 147) devolve o sentido, ao tempo que normaliza a sintaxe, á estrofa de D. Denis:

Tantos son os pecados seus  
e tan muito é de mal talan  
que eu sôo certo, de pran,  
quant' **aquest'** é, amigos meus,  
que, por quanto mal en el á,  
que ja más nunca veerá  
en nen un temp'a face de Deus.

## 5. Segmentación e hapax

Noutro lugar (Ferreiro 2010a: 243-244) xa expuxemos o problema levantado pola segmentación *sair mana* (vs. *sa irmana*) que se produciu nunha cantiga de Pero Viviaeza (319.r6), coa conseguinte aparición dun hapax no corpus trobadorresco profano galego-portugués.

Agora queremos considerar outros dous problemas xurdidos a respecto dos hapax e dunha segmentación alternativa coherente que os evite. A primeira cuestión xorde na segunda estrofa dunha cantiga de Estevan da Guarda, presente na vulgata a partir da edición de Rodrigues Lapa (cf. Brea 1996: 255), aínda que tamén conta coa edición crítica de Walter Pagani, coincidente neste paso coa clásica versión lapiana:

1333 / 30,19 EstGuar [B1316/V921], v. 14:  
e, Martin Gil, quen no vir,  
parece mui **laid'**, a feito.

Na lección de Lapa e Pagani constátase a modificación da lección dos manuscritos, manifestamente superior en *B* (<lay de feyto> *B*, <lao deo feyto> *V*). É certo que a intervención editorial do profesor portugués é mínima, e deberase recoñecer que o resultado parece satisfactorio, coa presenza de *laido* ‘feo’<sup>12</sup> nunha cantiga que se basea precisamente na fealdade de Martin Gil. Frente a esta decisión, a opción de Pagani foi unha segmentación diferente (*parece mui laid'efeo*), semántica e lingüisticamente aceptábel, mais que xera outro hapax

<sup>12</sup> *Laido* é documentado no TMILG na *Cronica Troiana* (*Mays era tā laydo et tā desaposto que esto sería*), e aparece tamén nas *Cantigas de Santa María* (81.27).

trobadoresco, pois *efeito* non se rexistra até o século XVI (Machado 1967: s.v. *efeito*).

Mais tamén é certo que é posíbel unha segmentación alternativa que manteña a lección dos manuscritos e resulte tamén satisfactoria de todos os puntos de vista. Trátase, como xa fixeron no seu momento Videira Lopes (2002: 510) e Arias Freixedo (2003: 888), de considerar a presenza de *lai* (provenzalismo con documentación segura en 1574.r4 e 1648.20), xunto coa expresión adverbial *de feito*, documentada abondosamente, tanto isolada como en expresións correntes na prosa notarial do tipo *de feito e de dereito*, *de dereito e de feito*, *de paravoia e de feito*<sup>13</sup>. E aínda habería unha outra alternativa (*lai defeito*), mais crearía outro hapax no corpus trobadoresco<sup>14</sup>, de forma que a segmentación citada se impón como solución acaída para esta pasaxe:

Non no posso end'eu partir,  
pero que o ja roguei,  
que se non queix'ende al rei,  
ca se sente tan maltreito  
que non cuida en guarir;  
e, Martin Gil, quen no vir,  
parece mui **lai, de feito**.

Finalmente, queremos traer aquí un problema de transcendencia lingüística que ten consecuencias editoriais. Trátase da forma *aunque* que se rexistra na edición da cantiga 1612 de Pero d'Armea a partir da versión de Lapa (Brea 1996: 796-97), que modifica esa hipotética forma en *anque*, seguramente influído pola variante vulgar galega (moderna):

1612 / 121,8 PArm [B1602/V1134], v. 5:  
Donzela, quen-quer entenderia  
que vós mui fremosa parescedes;  
se assi é, como vós dizedes,  
no mundo vosso par non avia;  
**an qu'i** vosso par [non] ouvesse,  
quen a meu cuu concela posesse,  
de parescer ben vencer-vos-ia.

<sup>13</sup> Poden localizarse no *TMILG*, s.vv. *feito, feyto*.

<sup>14</sup> Para alén de unha documentación de *defeito* en Machado (1967: s.v.), só localizamos outras dúas, en documentos de 1317 e 1427, no *TMILG* (s.vv. *defeito* e *defeytos*).

Para alén da moi anómala crase allea á lección manuscrita e aos usos dos nosos trobadores (vid. Ferreiro 2009), a forma establecida por Lapa constituiría, simultaneamente, un flagrante castelanismo e, asemade, un hapax, ao tempo que non responde exactamente ao que os manuscritos nos transmitiron: <anun que y> *B*, <auñ que y> *V*. Nótese, ademais, que ao ligar sintáctica e semanticamente os vv. 5-8, o editor se ve obrigado a introducir un *non* inexistente nos manuscritos.

Perante tal situación, coidamos que se impón unha segmentación alternativa que resolva o problema lingüístico e manteña a literalidade da lección manuscrita<sup>15</sup>:

Donzela, quen-quer entend[e]ria  
que vós mui fremosa parescedes:  
se assi é, como vós dizedes,  
no mundo vosso par non avia;  
**á ūu que i** vosso par ouvesse:  
quen a meu cuu concela posesse,  
de parescer ben vencer-vos-ia.

Fóra da acomodación desta alternativa editorial á liña conceptual da estrofa, non aparecen especiais problemas interpretativos, para alén dunha algo brusca interrupción do fío discursivo, que parecería exixir unha conxunción adversativa ou concesiva ausente, como noutras cantigas, do texto de Pero d'Armea.

Todos e cada un dos problemas levantados pola segmentación textual poñen en relevo a necesidade dun coidadoso estudo das cadeas gráficas dos manuscritos e da delimitación de unidades lingüísticas que, no discurso oral, eran sen dúbida percibidas polos ouvintes. Neste sentido, a edición – representación escrita moderna – dos textos trobadorescos condiciona sempre a lectura e a interpretación, sendo por veces incapaz de mostrar as diversas posibilidades segmentativas e múltiplas alternativas interpretativas, en moitas ocasións dependentes da subxectividade por parte do editor ou da editora á hora de reflectir no texto as diversas secuencias lingüísticas. En consecuencia, resulta clara, para alén dos traballos “microtextuais”, a necesidade dunha profunda revisión global do corpus trobadoresco profano galego-portugués no ámbito da segmentación textual.

---

<sup>15</sup> Cf. a lección fixada por Arias Freixedo: *a min, que i* vosso... (2003: 738).

## Bibliografía

- Arias Freixedo, X. B. (2003): *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*. Vigo: Xerais.
- Avalle, d'Arco S. (1992): *Concordanza della lingua poetica italiana delle origini*. Milano-Napoli: Riccardo Ricciardi.
- Beltrami, P. (1974): “Pero Viviae e l'amore per udita”, *Studi Mediolatini e Vulgari*, XXVII, pp. 43-65.
- Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica Profana Galego-Portuguesa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Cancioneiro da Ajuda*. Edição Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda. Lisboa: Edições Távola Redonda, 1994.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional – Casa da Moeda, 1982.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.
- Cohen, R. (2003): *500 Cantigas d'Amigo*. Lisboa: Campo das Letras.
- Costantini, F. (2007): *Le unità di scrittura nei canzonieri della lirica italiana delle Origini*. Roma: Edizioni Nuova Cultura.
- Ferreiro, M. (2009): “Sobre a suposta crase de *que* no trovadorismo profano galego-português”, in R. Pontes, E. Dias Martins (orgs.): *Anais VII EIEM - Encontro Internacional de Estudos Medievais. Idade Média: permanência, atualização, residualidade*. Fortaleza / Rio de Janeiro: Associação Brasileira de Estudos Medievais / Universidade Federal do Ceará, pp. 487-495.
- (2010a): “Os *hapax* como problema e como solucion. Sobre a cantiga 493/18,11 [B 495/V 78] de Afonso X”, in M. Arbor Aldea – A. F. Guiadanes (eds.): *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa*, Anexo 67 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 239-261.
- (2010b): “Sobre o proxecto ‘Glosario Crítico da Lírica Profana Galego-Portuguesa’”, in M. Brea – S. López Martínez-Morás (eds.). *Aproximación ao estudo do Vocabulario trovadoresco*. Santiago de Compostela: Centro ‘Ramón Piñeiro’ para a Investigación en Humanidades, pp. 239-252.
- (2010c): “Una anomalía en la lengua trovadoresca gallego-portuguesa: sobre los casos de conservación de -L- intervocálica”, *Medievalia*, México [no prelo].
- Ferreiro, M. – Martínez Pereiro, C. P. – Tato Fontañá, L. (eds., 2007): *Normas de edición para a poesía trovadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*. A Coruña: Universidade da Coruña.

- Juárez Blanquer, A. (1988): *Cancionero de Pero da Ponte*. Granada: Ediciones TAT.
- Lang, H.R. (1972 [1894]): *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal*. Hil-desheim – New York: Georg Olms Verlag [ed. facsimilar].
- Lapa, M. Rodrigues (ed.) (1970<sup>2</sup>): *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*. Vigo: Galaxia.
- (1982): *Miscelânea de Língua e Literatura Portuguesa Medieval*. Coimbra: Universidade.
- Lopes, G. Videira (2002): *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jo-grais Galego-Portugueses*. Lisboa: Estampa.
- Machado, J. P. (1967<sup>2</sup>): *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Confluência.
- Michaëlis de Vasconcelos, C. (ed.) (1990 [1904]): *Cancioneiro da Ajuda*. Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda [ed. facsimilar].
- Montero Santalla, J. M. (2000): *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*. A Coruña: Universidade [Tese de doutoramento inédita].
- Nobiling, O. (2007): *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*. Ed. organizada por Y. Frateschi Vieira. Niterói-RJ: EdUFF.
- Nunes, J. J. (1972 [1932]): *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- (1973 [1928]): *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- Pagani, W. (1971): “Il Canzoniere di Estevan da Guarda”, *Studi Mediolatini e Vologi*, XIX, pp. 53-179.
- Panunzio, S. (ed.) 1992: Pero da Ponte. *Poesías*. Vigo: Galaxia.
- Paredes, J. (2001): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*. Edición crítica con introducción, notas y glosario. Roma: Japadre.
- (2010): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*. Edición crítica con introducción, notas y glosario, Anexo 66 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Stegagno Picchio, L. (a cura di.) (1968): Martin Moya. *Le Poesie*. Roma: Edizioni dell’Ateneo.
- Tavani, G. (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell’Ateneo.

- TMILG* = Varela Barreiro, X. (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.
- Zimei, E. (2009): *Paraula escricha. Ricerche sulla segmentazione della catena grafica nei canzonieri trobadorici*. Roma: Edizioni Nuova Cultura.